

Ricardo Martínez-Conde

Occitania



Libros da Frouma

Colección Libros da Frouma
Director: Luís Alonso Girgado

Primeira edición: setembro, 2007

Ilustracións: Ángel Sanmartín Pérez

Edita: Librería Follas Novas / Follas Novas Edicións (Santiago de Compostela)

Edición ao coidado de: Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez

D.L.:

ISBN:

Realización:

Ricardo Martínez-Conde

Occitania

Limiar

Por este camiño
Non pasa ninguén.
Este serán de outono.

Matsuo Basho, considerado ata hoxe o máis grande creador de haikus da literatura xaponesa, lugar de nacemento desta forma poética, deixou establecidos, xa no século XVII, algúns a modo de principios aforísticos que configuran, como veremos, ademais dunha “poética do poema”, unha “poética vital”. Escoitemos algúns deles:

- Haiku é sinxelamente o que está ocorrendo aquí, neste momento.
- Os haiku sen certo aire do inevitable non son verdadeiros haiku.

“Aprende dos piñeiros. Aprende dos bambús”. Aprender quere dicir unirse ás cousas e sentir a íntima natureza das cousas. Iso é haiku.

Para Basho o haiku era certamente “unha ascese ao Zen”. Para Busón, “unha arte cuxo fin é a beleza”. Para Issa, “unha efusión humanísima, franciscana tenrura cara ás persoas, animais e cousas”: tal pensaban sobre esta forma poética os que veñen sendo considerados ata hoxe os máximos creadores no xénero.

Acéptase con carácter académico que o haiku naceu no século XVI, se ven a súa xénese conceptual habería de remontarse á poesía chinesa. Trátase dun poema de tres versos que suman dezasete sílabas en conxunto (canon que, ben é certo, será vulnerado cando o poeta o considera oportuno) e que adquire, por si mesmo, natureza e significación propios.

Estamos, pues, ante una breve creación poética que goza de una íntima unidad formal no solo en la medida, sino también en la sonoridad. (He

aquí el origen, el canto, según sostenía Ezra Pound para el nacimiento de la Poesía).

El haiku posee contención y dinamismo a la vez: contención expositiva y dinamismo significativo, si bien "este dinamismo reduce a un límite mínimo el espacio entre la expresión y la intuición. La contradicción entre lo temporal y lo intemporal tiende a resolverse en identidad"¹

Lo dejó dicho el maestro Basho: "Sigue a la naturaleza y vuelve a la naturaleza". Forma y sonido en favor de la intuición, el paisaje, el contenido evocador y singular. Unidad espiritual como expresión final, pauta armónica intrínseca al equilibrio en la naturaleza. "En un instante, a decir de Lu-ki, junta el pasado al presente y de una mirada abraza los confines del mundo"

"El haiku original –ha escrito Francisco Villalba– escapa de las trampas del lenguaje discursivo y de las categorías. Se instala en la eternidad absoluta del momento presente"²

Dalgún xeito poderíase dicir que é a oración do esteta. O máis importante no haiku non é o que di, senón o que non di. A súa comunicación é inasible, inatrapable. O esencial é, así, a conciencia coa que se utiliza a linguaxe.

Entre nós, Cunqueiro, poeta da ensoñación e a natureza, citou nalgún momento un breve poema de Uxío Novoneyra: "Chove pra que eu soñe". Talvez por iso é polo que o profesor Cabezas sostén que "quizás los gallegos entiendan mejor esta expresión poética"³. Sempre a natureza presente na nosa cultura: como un referente da mirada, do pensamento. Como paisaxe consciente

Escribiu o poeta inglés James Kirkup: "É moi doado dar unha versión do significado superficial de un haiku, mais moi difícil imbuír a tradución do espírito que xace tras o orixinal. Só pode facelo un espírito poético universal"⁴

¹ Fernando Rodríguez-Izquierdo, *El haiku japonés. Historia y traducción*. Hiperión, Madrid, 1994, p.34.

² Matsuo Basho, *Haiku de las cuatro estaciones*. ed. de Francisco F. Villalba. Miraguano, Madrid, 1983, p.IX.

³ *Jaikus inmortales*. ed. de Antonio Cabezas. Hiperión, Madrid, 1989, p.11.

⁴ Citado en *Jaikus inmortales*, nota 13, p.15.

O haiku está aí; só queda expresalo: como un canto,
como un pensamento.

Ricardo Martínez Conde

... e as folhas em que a luz se descombina
(Eugénio de Andrade)

A auga
e o reflexo; a memoria
do día.



Ninguén oficia
a cerimonia da mañá,
mais existe.

¿Ledicia
da gaivota no ar?
¿Imaxinación?

Na praia
tecen as imaxes
os raparigos.

Choiva e sol.
Os xogos do ceo
lavan a incerteza.

Inefable
transparencia
a do miúdo.

No esvaer
a luz garda nas follas.
Vivir é sentir.

Lúa chea.
¿As flores escoitan?
Eu ámoa.

Coa noite
as gaivotas reflecten
no mar.


Infundo
ondas e rocha.
Dor e prazer.

Co solpor
cada son ó seu lar.
O equilibrio.

¡A sombra
traza o deseño
tan ceibe!

Entardece.
A modo pousa o sol.
O mar, só.

Auga ceibe.
Entre as flores miúdas
o loar.



En mirar
agardan sempre
as hortensias.

Só o mar
semella confiar
no silencio.

¡Clara sombra
onde acubillan os paxaros
melancólicos!

Dende a ponla
o merlo protexe
a formiga.

Lecer no río.
Adobiar das bolboretas
na luz.

Escoita,
o barco de vela
vai virar.

Acougo
na sua lentitude
obten a flor.

A lúa
no río, ¿nada
ou baila?

Na vella cidade
axexa o mencer.
Hai preguiza.

Na laranxeira
adoita o sol.
Foxe, dúbida.


No esvaecer
anova a cerimonia:
aristocracia do voo.

A xoaniña
paseniño de seu.
Filosofía natural.

No tempo
as pombas asentan
o cotián.

¿Adoece?
Alonxa a tarde.
Melancolía.

Auga que corre.
O xeito anónimo,
o que é.



Outono.
A ingravidade
nunha pinga.

Follas
do outono. Lembranza
de cores.

A choiva
tamén soñou un día.
Agora láíase.

Quedo outono.
Sempre é tempo de mar,
pensa o silencio.

Pesa tan só
a tenra luz
da néboa.

Tenue brisa
entre as follas.
¿Cal cederá?

A ermida
e o achar
conflúen.

Choiva
morna, miúda.
Incerteza.

Nos piñeiros
garda o segredo.
Eles son eu.

Anovado,
o tempo pasa.
Zoar do vento.

Chove feble
no barco sen nome.
A tristeza.

Feitura
que a néboa amaina
sen tocar nada.

O vello lar
acolle máis aló
das dúbidas.

Olla
o silencio espido:
¡paxariño!

Leve
acouga a tardiña.
Música oculta.

¡Última luz
que acolle tras do mar,
tan silenciosa!

Auga da noite
e un sentimento nu.
¿A soidade?



O sol dubida
cando toca ó mar;
frío invernál.

Inverno.
Cada nome é
un desexo.

Na noite,
lonxe do mar,
¿eu só?

Ocas folerpas.
A neve e a definición
do amor.

Ó mencer
incerteza e alento
tecn no inverno.

A árvore
vai amudando
a choiva.

Toda a noite
ese fondo laiar:
mar e inverno.

¿A onde vai
a saudade no ar
dentro de min?

¡Tódalas tardes
cruzan devagar paxaros
soñadores!

No inverno
asentam as verdades
do amor.